

# SUXESTIÓNS 29.I.23

- O evanxeo de hoxe é o do **Sermón da montaña**, a “Carta magna do cristianismo” de Mt. 5, 1-12. Comparemos con Lucas 6,20-26 e observemos as diferenzas entre ambos. Mateo fala de “pobres no espírito”; á parte doutras diferenzas, Lucas fala só de “pobres” e engádelles a interxección “ai”.



- Poderíase ver algún comentario ás **Benaventuranzas**. O papa Francisco explícaaas en *Gaudete et exsultate* números 63 ao 94. Joseph Ratzinger en Xesús de Nazaré tamén nos di que lendo atentamente Mt. 5, 1-12 un “se decata de que as Benaventuranzas son como unha velada biografía interior de Xesús, como un retrato da súa figura. El, que non ten onde reclinar a cabeza (cf. Mt 8, 20), é o auténtico pobre; El, pode dicir de si mesmo que é “manso e humilde de corazón” (Mt. 11,29), é verdadeiramente humilde; El ten o corazón limpo, e por iso ve a Deus constantemente. El trae a paz e sofre polo amor de Deus. Nas benaventuranzas aparece o misterio de Cristo mesmo, e ínstannos a formar parte da súa comunidade. Pero precisamente polo seu oculto carácter cristolóxico as Benaventuranzas son sinais que indican o camiño tamén á Igrexa, o camiño de seguimento de Xesús para todos”.
- O día 2 de febreiro celébrase a **Presentación do Señor, as Candeas** ou Candeloria, facendo referencia ao cántico de Simeón: “Luz para alumar ás nacións”. Este día celébrase a **Xornada de oración pola Vida Consagrada**, os relixiosos e relixiosas que consagraron a súa vida. Ese día tamén se reza pola **xente maior** que como Simeón e Ana viven coa esperanza de ver ao Salvador “a quen presentaches ante todos os pobos” (Lc. 2,30). Con este motivo poderíase

presentar o testemuño de relixiosos e maiores e convidar a estes a participar en grupos de Vida Ascendente.

- Con motivo da **Presentación do Señor**, ese día ou os domingos próximos, podemos convidar os pais a que **presenten os nenos bautizados** no ano 2022. Abaixo temos algúns elementos para a celebración.
- O luns 30 celébrase a Xornada Escolar da Paz e a Non Violencia, lembrando a M. Gandhi. Algún xesto de paz poderíamos facer no momento de paz ou ao final: un canto, unha representación, decorar con mans para a paz. Na folla do evanxeo deixamos dúas cancións.

\*\*\*\*\*

### VÍDEOS PARA ESTE DOMINGO, Ord-4ºA, Mateo 5, 1-12: As Benaventuranzas

-Mt. 5,1-12, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=IYSWgSnwm6g>

-Mt. 5,1-12, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=gx7H1y3Ddj4>

-Benaventuranzas, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=1bmG9CU3O5Q>

-Benaventuranzas, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=bGyzJGeEW1g>

-Benaventuranzas, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=MYQ7JpZrSGQ>

-As benaventuranzas para pequenos, debuxos:

<https://www.youtube.com/watch?v=WeFZzzfCsFw>

-As benaventuranzas, debuxos:

<https://www.youtube.com/watch?v=QSjfnAyObRY>

-As benaventuranzas, debuxos:

<https://www.youtube.com/watch?v=UPGsiOHRc0s>



- A vida de Xesús 10-Benaventurados vós, debuxos:  
<https://www.youtube.com/watch?v=NDUeXpUP9Bk>
- Felices, reflexión:  
<https://www.youtube.com/watch?v=9nO0xZ5Ky7s&feature=em-subsdigest>
- Para os sinxelos, Verbo Divino-2011, reflexión:  
[https://www.youtube.com/watch?v=qDo\\_FpF4iJs](https://www.youtube.com/watch?v=qDo_FpF4iJs)
- Felices, Verbo Divino-2017, reflexión:  
<https://www.youtube.com/watch?v=9nO0xZ5Ky7s>
- Feliz aquel, Verbo Divino-2020, reflexión:  
<https://www.youtube.com/watch?v=0Xi09t-TSvE>
- A Boa Ventura, Verbo Divino 2023, reflexión:  
<https://www.youtube.com/watch?v=ybqA40zIBHo>
- As benaventuranzas, debuxos Evanxelicemos Animados:  
<https://www.youtube.com/watch?v=QBhSNngaoKI>
- As benaventuranzas, traballo manual:  
<https://youtu.be/2PKM1FOlt24>
- Teatro mocidade "As Benaventuranzas":  
<https://www.youtube.com/watch?v=meSjo4fPiSw>
- Lecturas deste domingo con linguaxe de signos:  
<https://www.youtube.com/watch?v=cvKk73Hv3Y8>  
<https://www.youtube.com/watch?v=jg2HVwIMtB4>
- As benaventuranzas, canción:  
<https://www.youtube.com/watch?v=T-DIMhpspSs&t=206s>
- As Benaventuranzas, Javier Brú, canción:  
<https://youtube.com/watch?v=MU9E6ktAbKg>
- As Benaventuranzas (Preto do Señor), Cesáreo Gabaráin:  
<https://youtube.com/watch?v=Q0PWgQI2ybQ>
- As benaventuranzas, canción:  
<https://www.youtube.com/watch?v=T-DIMhpspSs>
- Benaventuranzas, Kairoi:  
<https://www.youtube.com/watch?v=jVNNtlfZCDs>
- Benaventuranzas, Toño Casado (Musical 33):  
<https://www.youtube.com/watch?v=uWKLf2cLJxs>

-Benaventurados, Canción:

<https://www.youtube.com/watch?v=rz-7LTJguAo>

## PRESENTACIÓN DOS BAUTIZADOS O ANO PASADO A XESÚS E Á VIRXE

Con motivo do día da Presentación do Señor (2 de febreiro) poderíase facer este rito.

(Faise despois da HOMILÍA, á vez que se teñen acendidas as candeas que utilizaron no bautismo).

**Sacerdote:**

- *Credes en Deus Pai Todopoderoso, Creador do ceo e de 1a terra?* - SI, CREO.

- *Credes en Xesucristo....?* - SI, CREO.

- *Credes no Espírito Santo...?* - SI, CREO.

- *Credes na santa Igrexa católica, a comunión dos santos e a vida eterna?* - SI, CREO.

## CONSAGRACIÓN DOS NENOS Á VIRXE

(Faina unha nai, MIRANDO á Virxe, antes da bendición)

María, Nai de Xesús, ofrecémosche os nosos fillos como fillos teus:

Ofrecémosche os seus ollos para que se abran ás marabillas da creación.

Ofrecémosche as súas mans para que aprendan a construír un mundo máis humano.

Ofrecémosche o seu corazón para que amen sen medida.

Ofrecémosche todo o que son e serán para que se namoren do ben e aborrezan o mal.

Nai, aquí telos: son os teus fillos. En Ti poñemos a nosa confianza.

Gárdaos como posesión túa. Amén.